A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

7

TOMO III./ ANO II./ 1991
Xullo • Agosto • Setembro

AS CRÍTICAS ROMÁNTICA E MARXISTA
DA CIVILIZACIÓN MODERNA
Michael Löwy

NÓS, OS ENTEBRECIDOS
Wenceslao Galán

PRESENTACIÓN DE HAROLD BLOOM:
A ANGUSTIA DA SEDE VELLA
Manuel Outeiriño

AS NOVAS ORIENTACIÓNS
DA POLÍTICA AGRARIA
Edelmiro López Iglesias

O NACIONALISMO GALEGO
DE ÁLVARO CUNQUEIRO
Claudio Rodríguez Fer

RÉPLICA A «NACIONALISMO
E INFORMACIÓN»
Margarita Ledo Andión

NECESIDADE (URXENTE) DUN LÉXICO
CIENTÍFICO
Luís Daviña Facal

A NATUREZA COMO MÁQUINA ECOLÓXICA
Antonio Negri

A REIVINDICACIÓN DO GALEGO EN GALICIA
E NA ARXENTINA
Carme Hermida

gotelo blanco

RÉPLICA A «NACIONALISMO E INFORMACIÓN»

Margarita Ledo Andión

Con toda seguridade non replicaría eu o texto «Nacionalismo e Información: *A Nosa Terra* (1977-1989)» que en diante identificaremos como «NeI», se o tal texto non saíra publicado nunha cabeceira que se identifica como «de pensamento crítico» —falo de A TRABE DE OURO, núm. 5, xan./feb./mar. 1991— e se non pertenceramos, dende o inicio, ao seu Consello de Redacción. O que agora leredes pretende, antes de máis, reclamar a importancia doutro modelo de análise para a prensa, un modelo dende dentro das Ciencias da Comunicación e rexeitar, como absolutamente improcedente outras mecánicas que, como a do artigo referido, se amparan no empirismo abstracto e en certa profusión de citas que, por suposto, non é cuestión nosa contracitar como tampouco o é explicar o *abc* dos Modelos de prensa que é materia do espacio pedagóxico, e éo dende o primeiro ano de formación de xornalistas e comunicólogos.

Soamente advertir que existen, e existen de maneira activa, diferencias temáticas, de tratamento e de construcción do discurso comunicativo que son as que identifican a prensa informativo-interpretativa, a de opinión ou a sensacionalista, que cada medio de comunicación obedece a necesidades dunha audiencia-tipo segundo obxectivos editoriais moi concretos e que cada medio de comunicación ten como referencia determinante a cuestión da hexemonía, a cuestión do Poder, a transformación ou conservación de pautas de representación que orientan ás colectividades, e a prensa forma parte dunha destas pautas de representación. Por iso ANT comeza a se editar regularmente o 28 de xaneiro do 1978, data da primeira folga con carácter xeral convocada polo sindicalismo de liña nacionalista, e este símbolo pesaría máis para calquera analista que non o de dicir o evidente, ou sexa, que é de quen o edita e financia, do Bloque, que non é autonomista ou que se enfrontou á Constitución pactada no EE en decembro dese mesmo ano. A propósito do titular «Madrid xa ten Presidente», que eu mesma redactei, poderíase escribir todo un tratado virtual de identificación e de correspondencia coa etapa na que eu dirixín ANT, un periódico semanal de opinión, da súa xusteza incidental, da súa *pregnance* —fíxase coa forza dun signo— e da súa eficacia: é mobilizador. O titular devandito condensaba o significado da arribada de Antonio Rosón e da primeira Xunta de Galicia para dar comezo á postransición e ao conglomerado Realidade Galega.

En calquera caso, nun dos libros que se cita na bibliografía e do que son autora (cfr. *Prensa e Galeguismo*) hai un apéndice que contén, a pesar da súa brevidade, máis datos sobre a práctica xornalística na publicación referida que as impresións verquidas en «NeI». Pero con seguridade que é un deses libros que se citan rutinariamente neste traballo porque nin se usa como referencia nin para sinalar posicións diverxentes, nin para confirmar ou negar nada do que se trae a «NeI», mecánica que aprofunda a liña impresionista referida, próxima á dos galego-xermánicos que sempre citaron alemáns e nunca souberon alemán. Porque tampouco un historiador ten porque saber metodoloxías específicas de análise do ecosistema comunicativo ou saber ler, con rigor, un obxecto de estudio complexo como o é a prensa. Complexo, pero non complicado: abonda agrupar ben por categorías os diferentes elementos, e non ocultar uns, disgregar outros do seu contexto ou amplificar, dun brochazo, aquel que tanto xogo puntual nos ha dar. Esta mecánica investigadora está moito máis próxima da propaganda pura e dura que todos os apriorismos que se din-dixo ANT en «NeI».

Non estou a dicir que non deba un historiador esculcar os medios de comunicación máis aló do inventario ou ficha descritivo-funcional, que é, por outra banda, unha laboura de divulgación científica meritoria. E para non ocupar, agora eu, territorio de maneira indebida, voume amparar nas palabras dun colega, o profesor Gómez Mompart, que adoita falar das novas tendencias na historia da prensa e que é autor dunha magnífica Tese de Doutoramento que tivemos de valorar no tribunal correspondente, sobre a xénese da prensa diaria de masas en Cataluña. Fala o profesor Mompart dunha carencia, ata os anos 70, nas historias da prensa que non teñen en conta a complexidade da súa dimensión social porque a penas si houbera teorización sobre do papel da prensa na historia e sobre metodoloxía que lle cumpría aplicar. E velaí como esta carencia imposibilitou de utilizar o periódico como medio de coñecemento da sociedade e como elemento que as explica. «Dende aquela hai cada vez máis investigadores que coinciden na obriga de ir

máis aló das historias e das monografías esencialmente descritivas, ou mesmo dunha simple historia social da prensa; dende aquela camíñase cara a unha historia integradora, cuns enfoques que vencellan á prensa de maneira orgánica co contexto global da comunicación social e da producción cultural».

A consideración da prensa como *suxeito da historia* e non coma reflexo enfróntase á idea de raigame liberal dos «medios de comunicación-espello» ou sexa, dos medios de comunicación como necesariamente «plurais» tal e como entende o pluralismo o sistema occidental: a través dos *pool* de opinión agás cando interese manipulalos como se ten feito por parte das cabeceiras máis xenuinamente liberal-demócratas no conflicto do Golfo, por exemplo. (Cfr. *Las mentiras de una Guerra*, AA.VV., Deriva Editorial, Barcelona, 1991). Quizabes por isto o autor do artigo reduza o que el chama «información política en ANT» ao que serían contidos de política institucional, criterio de valor para converter un feito en noticia que na etapa referida ANT contestou como parte da definición do modelo que representaba e que constitúe unha das súas aportacións máis innovadoras: poder informar dende outras fontes que non sexan institucionais, crear unha rede independente de informadores, non tolleitar a dimensión política da información factual e diversificar os tratamentos da mesma en reportaxes, entrevistas, rúbricas, a parodia...(cfr. a sección «En poleiro alleo») ou a falsa noticia —creada, con toda intención, ao abeiro da efeméride das Inocentadas— do acercamento EG-PC naquela altura e que, resulta críbel, é porque existira un *backround* previo que a converte en críbel. Ou resulta fallida. Coma os intentos, por exemplo, de Augusto Assía por converter en «terroristas» ás CC. LL., tamén naquela altura. Porque o Tempo, nesta outra liña de investigación para os medios de comunicación que nós defendemos, é tamén *suxeito da historia* e non no senso cronoloxista que se lle adoita conceder senón como parte das relacións de clase, de como se expresan os diferentes intereses, de como nos aliamos ou non dentro do que sería, obxectivamente, o «campo revolucionario» e das compoñentes suxeitivas que poderían coutar unha ou outra alianza que é, ao fin, o que o autor demanda cando quere que ANT sexa pluralista. O que resulta chocante é reclamar pluralidade sen botar man da análise comparativa de ANT con outros productos da prensa nacionalista de época, por exemplo *Teima* para quen os «outros» tampouco existiron, ata o linde de se publicar unha crónica dos presos políticos, todos da UPG, e non mencionar esta insignificancia ou acuñar voces como «nazinalistas» ou a min mesma ofrecérseme a posibilidade de traballar para *Teima*, como profesional, pero sen ter acceso físico á redacción, para non contaminar, supoño, ao resto do equipo, condicións que considerei extremadamente duras e que o propio director, Ánxel Vence, cando mo dicía criticaba. Felizmente eu non entrei en *Teima*, e felizmente dediquei aquel mesmo verán, o do 77, a crear o proxecto de *A Nosa Terra.*

Por iso non coido que sexa inocente prescindir en «NeI» dun sinfín de variábeis de análise interdependentes e escoller centrarse na selección fragmentada ou no uso de estereotipos, de nocións asimiladas pola audiencia, para facer pasar a súa mensaxe persuasiva. Soamente dous exemplos: tildar de «anonimato» —xa saben, acubillarse atrás do anonimato— o espacio «Crónica Política» cando, segundo as convencións dos medios de comunicación, os espacios editoriais non levan sinatura e cando, na etapa referida, outra das tentativas de ANT que non parece ter observado o autor de «NeI» foi reforzar a idea

de grupo. Mesmo xéneros como a reportaxe se publicaban sen sinatura persoal, tamén para evitar o pseudónimo —cousa que persoalmente eu detesto en prensa— porque tiñamos unha redacción non moi extensa pero si intensa, tal e como o autor coñece por militar, na altura, no Bloque. E como segundo exemplo, iso de tildar de engano a práctica do que foi ANT porque nun texto de autopublicidade se fala de facer un periódico galego «para todos os galegos». Punto 1: A primeira lei da publicidade é a creación de lemas que amplien a audiencia-tipo de recepción ou ben a representatividade do emisor. Punto 2: Lémbrese vostede da carta considerada como unha xoia dos documentos de autopropaganda, a carta de tres xastres ingleses que se dirixen á raiña de turno, hai varios séculos, para reivindicar certas melloras gremiais e comezaban a súa epístola con esta frase. «Nos, o pobo inglés...» Punto 3: A maior abondamento, o referido lema «para todos os galegos» poida que sexa unha das demostracións, se se aprofunda a análise, das alianzas que fixeron posíbel naquel momento ANT, porque o seu autor é X. L. Fontenla, pan-galeguista teimoso, e porque aínda tiñan certa vixencia as siglas UPG (Unión do Pobo Galego), as siglas que fixeron o milagre de que hoxe vostede e mais eu, Sr. Marcos Valcárcel, poidamos estar falando destes temas e que as forzas dominantes no campo do nacionalismo de esquerda se encargaron de facer esquecer. Por iso, permítame dicirlle que tampouco agora ANT é máis ou menos plural do que o foi noutras épocas. Mudaron as condicións externas e mais internas no nacionalismo, mudaron as intencións e mudaron outras determinantes como a forma de propiedade da publicación. Ou vostede non sabe que na súa orixe ANT tivo un capital fundacional a través da suscrición de accións de 5.000 pesetas por parte de militantes e colaboradores, o que se chama unha fórmula popular, e que nesta etapa actual houbo unha implicación directa e persoal individualizada na aportación de capital ou considera que isto non ten por que ter importancia na definición da práctica informativa dun medio de comunicación que é tanto como pensar que o xornal de Madrid *El Independiente* será o mesmo agora que o mercou a ONCE.

Por certo, e só para aclarar algunhas cousas que se mencionan a este respecto e que non teñen a máis mínima correspondencia coa realidade, e moito menos coa realidade que a min me interesaría —como investigadora da comunicación e como activadora de medios de comunicación independentes e de esquerda— que se conforma a partir das contradicións entre o modelo teórico e as rutinas, entre a definición duns obxectivos e as imposicións arbitrarias e autoritarias que levaron no 1980 á miña renuncia e ao peche de ANT aos seis meses e ata que comezou esta segunda última etapa, cuestións que non coido que sexa o momento de publicar. Pero é vostede inxusto cando nomea a Xosefina López Corral como responsable dos últimos 6 meses. É sabido que o director efectivo e executivo foi unha persoa ben diferente, que non podía figurar como director porque a lexislación esixía un xornalista inscrito no ROP (Rexistro Oficial de Periodistas) a mesma que tiña entrado tempo atrás para controlar e denunciar as miñas desviacións. Fíxoo tan ben, afíxose tanto, que despois chegaría a xefe da Policía Municipal en Cangas do Morrazo.

E vou concluír referíndome á decisión primeira para establecer o modelo dun medio de grupo (non de masas) como ANT: ou se fai un modelo de encubrimento ou se opta polo que identificamos como de *bloque social de consenso*. Nós optamos por este último, a pesar de que o autor de «NeI» poida localizar, collendo de acó e de acolá, cues-

tións hipertactistas que non resposten tipoloxicamente ao modelo. Pero ANT arriscou no que se chama «conciencia posíbel», na idea de transformación como parte do que define a un medio de comunicación opoñente, e coido que acertou aínda que soamente fose por conter, en si, os elementos de evolución que permitiron a súa continuidade ata hoxe aínda que non todo fose cor de rosa: Sobre o meu nome caería o veto máis estricto e por varios anos, coido que sete anos (un número que eu persoalmente adoro), neste segundo período que o autor considera máis, chamémoslle, «demócrata» e aberto.

Cando eu chego a este punto sempre cito a un mestre, a V. I. Lenin, e os seus escritos coa proposta de creación de *Iskra*, a un autor imprescindíbel para analizarmos a prensa política aínda que agora as bibliografías de afán depurador teimen en ocultar. *Iskra*, un periódico para toda Rusia (eis a idea territorial-estatal), un periódico para homoxeneizar a opinión cara a necesidade da alianza de clases (o devandito *bloque social de consenso*), un periódico que funcione como organizador colectivo, dinos Lenin, que deixará ver por onde se vencellan e artellan os diferentes materiais, tal o andamio —versátil e transformábel, noción importantísima do leninismo— que se desfará cando o edificio estea construído. Textos de Lenin en resposta aos *Svoboda* e aos críticos de *Rododeie Dielo*, aos defensores da multitude de periódicos locais, aos «concretos» que acusaban ao grupo de *Iskra* de literatos e de traballadores de gabinete. A historia, o tempo, correu no 1917 á présa contra dos «concretos» e agora eles coidan que poden facernos engulir que iso non foi a historia.